

DECRETO

EXCMA. SRA. DONA LARA MÉNDEZ LÓPEZ, ALCALDESA PRESIDENTA DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO

ASUNTO: APROBACIÓN DE MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA MEDIANTE A MODALIDADE DE TRANSFERENCIA DE CRÉDITO DESTINADA A DAR COBERTURA AS OBRIGAS DE CARÁCTER ECONÓMICO DERIVADAS DE DIVERSOS GASTOS DO SERVIZO DE DESENVOLVEMENTO LOCAL.

Visto o expediente tramitado para modificar créditos mediante a modalidade de transferencia de crédito núm. 39-2023, por un importe total de 5.000,00 €, dentro do vixente orzamento desta Corporación de 2023, para dar cobertura ás obrigas de carácter económico derivadas de diversos gastos do servizo de Desenvolvemento Local.

Vistos igualmente os documentos e informes que constan no expediente tramitado para o efecto, o informe da Intervención Xeral Municipal Ref: 2023/1691 de data 02.11.2023, así como o RCMOD núm.: 2023/74199, de data 26.10.2023, por importe de 5.000,00 €.

En virtude do disposto nos artigos 179 a 181 do Real decreto legislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo cal apróbase o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais; artigos 40 a 45 do Real decreto 500/1990 de 20 de abril, Regulamento orzamentario; as Bases de execución do orzamento vixente prorrogado e sobre a base das atribucións conferidas a esta Alcaldía, en virtude do disposto no artigo 124.4 g) e ñ), da lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e demais normativa, **RESOLVO:**

PRIMEIRO. Aprobar o actual expediente de modificación de créditos a través da modalidade de transferencia de crédito por un importe global de 5.000,00 € euros para dar cobertura ás obrigas sinaladas na parte expositiva do presente decreto:

<u>APLICACIÓN S QUE CEDEN CRÉDITO</u>	<u>IMPORTE €</u>	<u>APLICACIÓN S QUE INCREMENTAN CRÉDITO</u>	<u>IMPORTE €</u>
24100.35200	5.000,00	24100.22699	5.000,00 €
TOTAL CRÉDITO CEDIDO	5.000,00 €	TOTAL INCREMENTO DE CRÉDITO	5.000,00 €

SEGUNDO. Sendo o expediente que se aproba firme e executivo sen máis trámites, polo que se deberán introducir na Contabilidade da Corporación os axustes derivados do mesmo.

Cúmprase.